www.gdrpontevedramorrazo.eu

#SOMOSGDR

GDR PONTEVEDRA · MORRAZO

ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO

LEADER 23-27

DOCUMENTO D

ANÁLISE DO NOVO MARCO NORMATIVO E INSTITUCIONAL E IMPACTO PREVISIBLE NA EDLP

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural
X 21·22

ÍNDICE

1. Introdución 5
1.1. Introdución ao apartado 7
2. Estratexias da Unión Europea 9
2.1. Pacto Verde Europeo 11
2.2. Estratexia da Granxa á Mesa 11
2.3. Estratexia sobre Biodiversidade 2030 12
2.4. Nova estratexia en favor dos bosques 2030 13
2.5. Plan de acción para a economía circular 14
3. Normativa estatal: Plan estratéxico da PAC 2023-2027 e aplicación en Galicia 15
3.1. Plan Estratéxico da PAC 17
3.1.1. Análise das necesidade do PEPAC ás que contribúe a EDLP 17
3.1.2. Sinerxía e complementariedade con outras medidas de desenvolvemento rural. 25
3.2. Plan de Medidas ante O Reto Demográfico 27
3.3. Estratexia Española de Descarbonización a Largo Plazo 28
4. Estratexias sectoriais e do medio rural de Galicia 29
4.1. Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. 31
4.2. Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025 32
4.3. Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia 2020-2026 32
4.4. Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia 33
4.5. Plan Forestal de Galicia 2021-2040. Cara á neutralidade carbónica. 34
4.6. Programa estratéxico do castiñeiro e a produción de castaña 34

1. Introdución

1.1. Introdución ao apartado

Este documento fai referencia á análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible na futura estratexia. Correspóndese co apartado D do anexo C, das bases reguladoras para convertérense en entidades colaboradoras da medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

Este punto inclúe unha análise detallada da incidencia da nova PAC e das recentes políticas europeas (Pacto Verde, Estratexia da Granxa á Mesa, Estratexia de Biodiversidade 2030, Estratexia Forestal da UE, etc.) na futura estratexia de desenvolvemento local, así como da complementariedade da iniciativa Leader con outras iniciativas da Xunta de Galicia con impacto significativo no ámbito xeográfico correspondente, especialmente as vinculadas ao medio rural (por exemplo, as diferentes estratexias sectoriais, como as do sector lácteo, o sector vitivinícola e o sector cárnico, ou o Plan forestal de Galicia), e especialmente da Lei de recuperación da terra agraria.

A análise da coherencia e a complementariedade realízase vendo o grado de cobertura entre obxectivos ou prioridades estratéxicas de diferentes plans ou programas, en relación aos obxectivos da estratexia do GDR. Neste sentido, temos que indicar que a análise que se realiza ten en consideración, neste primeiro momento, o grao de cobertura das necesidades identificadas na diagnose territorial.

2. Estratexias da Unión Europea

2.1. Pacto Verde Europeo

A folla de ruta do **Pacto Verde Europeo** pretende conseguir que Europa se converta nun continente neutral para o clima en 2050, onde o crecemento económico estea disociado do uso dos recursos. Tenta dar resposta aos desafíos do clima e o medioambiente, transformando a UE nunha sociedade equitativa e próspera, cunha economía moderna, eficiente no uso dos recursos e competitiva. Aspira a protexer o capital natural da UE, e a protexer a saúde e o benestar dos cidadáns fronte aos riscos e efectos medioambientais.

O Pacto Verde Europeo propón actuacións que, orientadas ao aumento do benestar e mellora da saúde dos actuais cidadáns e das xeracións futuras, incidirán nos ámbitos básicos da vida cotiá mediante políticas transformadoras dos mesmos. Estas políticas transformadoras son as que dan pé á análise.

Pacto Verde Europeo	Relación coa diagnose
1. Un maior nivel de ambición climática da UE para 2030 e 2050.	+++
2. Subministro de enerxía limpa, asumible e segura.	+++
3. Mobilización da industria en pro dunha economía limpa e circular.	+++
4. Uso eficiente da enerxía e recursos na construción e renovación de edificios.	+++
5. Acelerar a transición a unha mobilidade sostible e intelixente.	+++
6. Da granxa á mesa: idear un sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente.	+++
7. Preservación e restablecemento dos ecosistemas e a biodiversidade.	+++
8. Aspirar a unha contaminación cero para un entorno sen substancias tóxicas.	+++

Relación coa diagnose do GDR: Alta: +++ Media: ++ Baixa: + Sen relación: 0

2.2. Estratexia da Granxa á Mesa

A Estratexia da Granxa á Mesa, que é un elemento esencial do Pacto Verde Europeo, responde a un novo enfoque amplo dirixido a que a cidadanía valore a sostibilidade dos alimentos. Aborda os desafíos dos sistemas alimentarios sostibles recoñecendo a conexión entre as persoas sans, sociedades sans e un planeta san. Mantén un importante aliñamento co cumprimento dos ODS de Nacións Unidas, reforzando que un sistema alimentario sostible pode reportar beneficios ambientais, sanitarios e sociais, ao tempo que ofrece unha resposta de recuperación do sistema económico. Neste sentido avógase tamén por reforzar e garantir as condicións de vida dos produtores do sector primario.

Estratexia da Granxa á Mesa	Relación coa diagnose
II.A. Produción sostible de alimentos	
Modelos de negocio verdes: secuestro de carbono por agricultores e silvicultores ('EU carbon farming' initiative)	+++
Bioeconomía circular (enerxía renovable, biodixestión, enerxía solar...)	+++
Redución do uso de pesticidas químicos	+++
Redución da perda de nutrientes e do uso de fertilizantes	+++
Redución do impacto ambiental e climático da produción animal	+++
Redución do uso de antimicrobianos	+
Mellora do benestar animal	++
Sanidade vexetal (incluído impulso de variedades tradicionais e locais)	+++
Impulso da agricultura ecolóxica	+++
II.B. Seguridade alimentaria (en particular en situacións de crise)	
Seguridade alimentaria	+++
II.C. Cadea alimentaria sostible	
Fortalecer os circuítos curtos e sistemas alimentarios locais	+++
Reforzo das DOP e IXP	+++
Envasado sostible (redución de químicos, materiais renovables, reciclables....)	+++
Economía circular na cadea de procesado e distribución	+++
Integración da sustentabilidade como elemento de estratexia corporativa	+++
Inducir dietas máis saudables (reducindo graxas, azucre ou sal)	+++
Prácticas empresariais e de marketing responsables	+++
II.D Promoción do consumo alimentario sostible e dietas saudables	+++
Etiquetaxes harmonizadas de sostibilidade	+++
Licitación pública de alimentos sostibles	+++
II.E. Redución do desperdicio de alimentos	+++
Redución do desperdicio de alimentos	+++

Relación coa diagnose do GDR: Alta: +++ Media: ++ Baixa: + Sen relación: 0

2.3. Estratexia sobre Biodiversidade 2030

As medidas recollidas na Estratexia da Biodiversidade diríxense á recuperación dos ecosistemas terrestres e mariños, así como á aplicación dun enfoque integrado que implique ao conxunto da sociedade na súa posta en marcha. Protexer e recuperar a biodiversidade e o bo funcionamento dos ecosistemas é fundamental para reforzar a nosa resiliencia e previr a aparición e propagación de enfermidades no futuro. Tamén é un factor

clave para a recuperación económica, achegando valor e beneficios, dende o punto de vista económico, a moitos sectores da economía.

Estratexia da Biodiversidade 2030	Relación coa diagnose
As actuacións en áreas protexidas do territorio.	++
A contribución á recuperación de ecosistemas degradados.	+++
O impulso de prácticas agrarias sustentables.	+++
O apoio a iniciativas empresariais que contribúan á recuperación de biodiversidade.	+++
O fomento do abastecemento sustentable de enerxías renovables.	+++
O apoio á ecoloxización de áreas urbanas e periurbanas.	++

Relación coa diagnose do GDR: Alta: +++ Media: ++ Baixa: + Sen relación: 0

2.4. Nova estratexia en favor dos bosques 2030

Esta estratexia, presentada pola Comisión Europea en xullo de 2021, está baseada no Pacto Verde e na Estratexia da UE sobre biodiversidade. Inclúe medidas para reforzar a protección e restauración dos bosques, así como para mellorar a xestión forestal sustentable, de cara a garantir uns ecosistemas forestais resilientes e multifuncionais. Nela dáse conta da importante contribución dos silvicultores e toda a cadea forestal par acadar unha economía sostible e neutra climaticamente, ao tempo que se garante a restauración, resiliencia e protección axeitada de todos os ecosistemas.

A relación coa EDLP baséase sobre todo no obxectivo de "Apoiar as funcións socioeconómicas dos bosques para lograr zonas rurais prósperas e impulsar a bioeconomía forestal dentro dos límites da sostenibilidade".

Estratexia da Biodiversidade 2030	Relación coa diagnose
Promover a bioeconomía forestal sustentable para os produtos de madeira de longa duración.	+++
Garantir o uso sustentable dos recursos baseados na madeira para a bioenerxía.	+++
Promover a bioeconomía forestal non madeireira, particularmente o ecoturismo.	+++
Capacitar ás persoas para unha economía forestal sustentable.	+++

Relación coa diagnose do GDR: Alta: +++ Media: ++ Baixa: + Sen relación: 0

2.5. Plan de acción para a economía circular

Este plan, que se enmarca no Pacto Verde Europeo, pretende ampliar a economía circular para lograr a neutralidade climática para 2050 e desvincular o crecemento económico do uso de recursos, ao tempo que se garante a competitividade a longo prazo da UE. A Unión debe avanzar cara un modelo de crecemento rexenerativo que devolva ao planeta máis do que lle quita, manter o seu consumo de recursos e esforzarse por reducir a súa pegada de consumo e duplicar a súa taxa de utilización de material circular na próxima década.

A colaboración na creación dun marco para produtos sostibles ofrecerá ás empresas novas oportunidades na UE e fóra dela. Esta transición progresiva leva cara un sistema económico sostible que é un compoñente indispensable da nova estratexia industrial da UE. Partindo do mercado único e aproveitando o potencial das tecnoloxías dixitais, a economía circular pode reforzar a base industrial da UE e fomentar a creación de empresas e o espírito empresarial entre as pemes. No que se refire aos cidadáns, a economía circular ofreceralles produtos de alta calidade, funcionais e seguros, eficaces e alcanzables, que durarán máis tempo.

Plan de acción para a economía circular	Relación coa diagnose
Un marco para unha política de produtos sostibles (obxectivo)	
Deseño de produtos sostibles durabilidade, reutilización e reparabilidade, redución de pegada de carbonos, dixitalización	+++
Empoderamento de consumidores e compradores públicos; reparación e recambio de produtos, etiquetas de sostibilidade e compradores públicos.	++
Circularidade dos procesos de produción	+++
Obxectivo. Cadeas de valor clave dos produtos	
Electrónica e TIC	++
Baterías e vehículos	++
Envases e embalaxes	++
Plásticos	++
Produtos téxtiles	++
Construción e edificios	++
Alimentos, auga e nutrientes	++
Obxectivo: Menos residuos, máis valor	
Política de residuo máis rigorosa en apoio á prevención de residuos e a circularidade	++
Reforzo da circularidade nun entorno sen substancias tóxicas	++

Relación coa diagnose do GDR: Alta: +++ Media: ++ Baixa: + Sen relación: 0

3. Normativa estatal: Plan estratéxico da PAC 2023-2027 e aplicación en Galicia

3.1. Plan Estratéxico da PAC

O principal marco a analizar a nivel español é o Plan Estratégico de la PAC de España 2023-2027 (PEPAC), no que se insire a intervención Leader. O plan define todas as medidas de desenvolvemento rural (cofinanciadas polo FEADER) que se van aplicar no período, a nivel estatal e en cada unha das Comunidades Autónomas, ademais de recoller o deseño das diferentes axudas directas do primeiro piar da PAC e dos programas ou intervencións sectoriais. Polo tanto, o PEPAC establece o contexto operativo no que van actuar os GDR galegos nos próximos anos.

3.1.1. Análise das necesidade do PEPAC ás que contribúe a EDLP

Dos nove obxectivos específicos e o obxectivo transversal establecidos para a PAC 2023-2027, o programa LEADER vai contribuír ao obxectivo específico 8: "Promover o emprego, o crecemento, a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, entre elas a bioeconomía circular e a silvicultura sustentable". Este é un dos tres obxectivos sociais que compoñen os nove obxectivos específicos da proposta de reforma da PAC. Abarca a descrición de elementos tan diversos como a caracterización do desenvolvemento local mediante a análise do emprego e o crecemento no medio rural, así como a inclusión social, a igualdade de xénero, a bioeconomía ou a silvicultura sostible. Inclúe pois aspectos tanto económicos, como ambientais e sociais polo que se trata dun obxectivo que presenta unha elevada interacción cos obxectivos 1, 2 e 3. Ademais, existe unha conexión co obxectivo 9, principalmente pola súa relación co desperdicio alimentario e a bioeconomía.

As necesidades que determina o PEPAC, a nivel de España, son as que sustentan a seguinte análise.

Necesidades PEPAC España	Relación coa diagnose
Permanencia e asentamento de nova poboación, xoves e mulleres.	+++
Sistemas agroalimentario e forestal sustentables e diversificados.	+++
Emprendemento e talento innovador.	+++
Infraestruturas e servizos en áreas rurais.	+++
Desenvolvemento endóxeno.	+++
Mellora de colectivos en risco de exclusión social.	+++
Bioeconomía.	+++
Formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bioeconomía.	+++
Xestión forestal sustentable.	+++
Silvicultura preventiva, restauración danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e pastoreo.	+++
Explotacións de mulleres.	+++
Incorporación e permanencia de mulleres.	+++
Órganos de decisión e mulleres.	+++

Relación coa diagnose do GDR: Alta: +++ Media: ++ Baixa: + Sen relación: 0

Co obxectivo de darlle maior integridade á análise faise unha revisión das necesidades partindo da diagnose do PEPAC realizada para Galicia. As necesidades son extractadas da propia diagnose e do DAFO.

Necesidades PEPAC Galicia OBXECTIVO 1	Relación coa diagnose
Necesidade de apoio á renda da agricultura española para achegar a súa rendibilidade á doutros sectores económicos e así mellorar a súa viabilidade	+++
Necesidade de ter en conta as diferenzas existentes entre as dimensións económicas das distintas explotacións no deseño das axudas á renda	+++
Necesidade de ter en conta, no deseño das axuda á renda, as diferenzas existentes entre as distintas orientacións (ratio de emprego/ha) dos diferentes territorios	+++
Necesidade de ter en conta o papel das axudas na redución do risco ao que se enfrontan as explotacións	+++
Necesidade de diminuír a exposición ao risco das explotacións, en especial ante os efectos adversos derivados do aumento dos eventos meteorolóxicos extremos a causa do cambio climático, adaptando o sistema español de seguros agrarios combinados a dito fenómeno	++
Avanzar cara a un maior equilibrio social e territorial na distribución das axudas directas, priorizando as explotacións agrarias profesionais de mediana e pequena dimensión	+++
Incrementar o volume da superficie agraria que se beneficia en Galicia das axudas directas da PAC, co fin de atenuar os desequilibrios rexionais que se rexistran actualmente en España neste aspecto	+++

Relación coa diagnose do GDR: Alta: +++ Media: ++ Baixa: + Sen relación: 0

Necesidades PEPAC Galicia OBXECTIVO 2	Relación coa diagnose
Incrementar a competitividade e sostibilidade a longo prazo das explotacións agrarias con especial atención a aquelas explotacións nas que esta competitividade se atopa máis comprometida, mediante o fomento e o apoio de investimentos individuais e colectivos e ferramentas que permitan optimizar os custes de produción	+++
Mellorar a produtividade das explotacións agrarias e a súa sustentabilidade, favorecendo a súa transición a modelos produtivos máis sostibles	+++
Favorecer a incorporación á actividade agraria, en particular de mozos e mulleres	+++
Favorecer a profesionalización integral de todas as actividades económicas, buscando minimizar os efectos negativos que sobre o mercado e/ou a cadea de valor poidan exercer os produtores non profesionais	+++
Fomentar o emprego dos recursos propios dispoñibles (tanto recursos pastables como cultivos forraxeiros) para a cabana gandeira nacional diminuíndo así a dependencia exterior de materias primas destinadas á alimentación animal	+++

Necesidades PEPAC Galicia OBXECTIVO 2	Relación coa diagnose
Fomentar e atender as demandas dos consumidores cara produtos más sostibles, favorecer a valorización do modelo de produción europeo, diversificar os mercados de orixe e destino e os produtos tanto en importación como en exportación	+++
Facilitar aos produtores ferramentas áxiles para anticiparse e paliar os efectos da volatilidade dos mercados, así como das incertidumes xeradas por acordos comerciais ou polas decisións políticas, aumentando a transparencia do mercado	+++
Fomentar a investigación, o desenvolvemento, a innovación, a dixitalización e a transferencia de coñecemento acompañados do necesario asesoramento integral nas explotacións agrarias para incrementar a súa competitividade e sostibilidade	+++
Apoiar os sectores ou modelos de produción de baixa produtividade, con dificultades manifestas e cuxa desaparición tería malas consecuencias económicas, medioambientais ou sociais, poñendo en risco o tecido socioeconómico do medio rural e o resto das externalidades inherentes aos mesmos	+++
Impulsar a mobilidade da terra e a posta en produción de superficies abandonadas, co fin de ampliar a base territorial das explotacións agrarias e favorecer a súa sostibilidade económica e ambiental	+++
Mitigar a desvantaxe no acceso aos sistemas de pagos directos por parte de mozos e novos activos con explotacións de tamaño físico reducido en contornas de difícil acceso á terra	+++
Mellorar a xestión e aproveitamento sostible dos pastos permanentes, especialmente os de carácter arbustivo e leñoso, e dos sistemas agroforestais, maximizando a provisión de servizos ecosistémicos, reducindo o risco de incendios e facilitando a extensificación da actividade gandeira	+++

Relación coa diagnose do GDR: Alta: +++ Media: ++ Baixa: + Sen relación: 0

Necesidades PEPAC Galicia OBXECTIVO 3	Relación coa diagnose
Agrupación do sector produtor para gañar dimensión económica facilitando o poder de negociación co resto de elos da cadea e impulsar unha maior participación dos agricultores na xeración de valor das súas producións	+++
Fomento das producións de calidade diferenciada e ecolóxicas	+++
Fomento dos contratos por escrito entre os diferentes operadores da cadea como un desenvolvemento da Lei 12/2013	+
Eliminación das prácticas abusivas ou que producen ineficiencias na xeración de valor na cadea a través da transposición da Directiva de Prácticas Comerciais Desleais	++
Desenvolvemento de canles de venda alternativos	+++
Transparencia e interlocución entre os diferentes eslavóns da cadea	++
Apoio, dentro da cadea de valor, de medidas de adaptación e mitigación para a loita contra o cambio climático en liña co Pacto Verde Europeo (Decembro	+++

2019) e coa Declaración de Emerxencia Climática e Medioambiental do Goberno de España	
Impulsar o desenvolvemento da industria agroalimentaria, priorizando aqueles proxectos orientados a produtos diferenciados e/o con maior valor engadido	+++
Apoio á participación dos agricultores e as súas cooperativas na transformación e comercialización dos produtos agrarios	+++

Relación coa diagnose do GDR: Alta: +++ Media: ++ Baixa: + Sen relación: 0

Necesidades PEPAC Galicia OBXECTIVO 4	Relación coa diagnose
Minimizar as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI), contribuíndo de maneira efectiva ao cumprimento dos obxectivos nacionais do PNIEC	+++
Aumentar a capacidade de sumidoiro de carbono do solo, cultivos leñosos e sistemas forestais, entre outros	+++
Reducir a vulnerabilidade dos sistemas agrícolas, gandeiros e/ou forestais aos impactos do cambio climático e aos eventos extremos fomentando a súa adaptación	+++
Promover a diversificación da produción e a inclusión de cultivos e razas con maior potencial de adaptación ao cambio climático pola súa menor vulnerabilidade nos escenarios futuros de cambio climático	+++
Aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables, incluíndo a valorización de residuos e materiais de orixe agrícola, gandeira e forestal, de conformidade co establecido na Lei 22/2011	+++
Diminuír o consumo de enerxía, promover o aforro e a mellora da eficiencia enerxética	+++
Xerar e transferir coñecemento (I+D+i) para a implantación de sistemas agrícolas/gandeiros e/ou forestais innovadores desde a dobre perspectiva de mitigación e adaptación	+++
Promover prácticas agrícolas que contribúan á redución e optimización do uso de insumos tales como fitosanitarios, fertilizantes, auga, enerxía, etc.	+++
Xerar (a través de experiencias innovadoras) e mellorar o coñecemento (a través do asesoramento e a formación) en prácticas relacionadas coa atenuación do cambio climático e a paliación dos seus efectos para a súa transferencia aos agricultores/ gandeiros/ silvicultores e así impulsar o cambio cara a unha agricultura/ gandaría/ silvicultura descarbonizada, resiliente e adaptada ao cambio climático, e que diversifica os ingresos e minimiza os riscos e xera emprego verde	+++
Minimizar os riscos debidos a eventos meteorolóxicos extremos, ademais de potenciar os sistemas de seguros agrarios en relación coas adversidades do sector polos efectos do cambio climático	+++
Cuantificar, valorizar e monitorizar a capacidade de sumidoiro de CO2 dos sistemas agrarios e forestais, especialmente de bosques e pastos permanentes	+++
Frear e reverter a tendencia de intensificación da SAU, en especial nas zonas de maior concentración gandeira	+++

Relación coa diagnose do GDR: Alta: +++ Media: ++ Baixa: + Sen relación: 0

Necesidades PEPAC Galicia OBXECTIVO 5	Relación coa diagnose
Contribuír a alcanzar e manter as masas de auga afectadas pola actividade agraria en bo estado tanto a nivel cuantitativo como cualitativo mediante unha xestión eficiente do recurso auga, nos prazos marcados no novo período de programación da PAC, establecendo un marco integrado de intervencións acorde coa planificación hidrolóxica que permita contrarrestar máis eficazmente as presións cuantitativas e cualitativas significativas derivadas da actividade agraria	+++
Mellorar a calidade da auga, reducindo a contaminación procedente de fontes agrarias	+++
Conservación e xestión de terreos forestais, incluíndo o aproveitamento gandeiro	+++
Reducir a erosión e desertización nas zonas agrícolas e forestais, así como os demais fenómenos de degradación dos solos agrícolas	+++
Mellorar a textura, a estrutura e a fertilidade do solo	+++
Protexer o solo agrícola de maior capacidade produtiva do selado o de determinados usos concretos	+++
Reducir as emisións de NH3	+++
Reducir as emisións de material particulado PM2.5	+
Previr a emisión de material particulado PM2.5 proveniente dos incendios forestais	+

Relación coa diagnose do GDR: Alta: +++ Media: ++ Baixa: + Sen relación: 0

Necesidades PEPAC Galicia OBXECTIVO 6	Relación coa diagnose
Manter, recuperar e/ou mellorar a biodiversidade agrícola, gandeira e forestal, así como asegurar o uso sostible destes recursos xenéticos	+++
Reverter a tendencia demográfica de declive que amosan as poboacións de aves esteparias e outras especies representativas de medios agrarios, como indicadoras da saúde deses ecosistemas	0
Manter e recuperar a biodiversidade natural, con particular atención ás especies protexidas e aos hábitats naturais ou seminaturais, terrestres ou acuáticos, especialmente na Rede Natura 2000, que estean relacionados con – ou afectados por - explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais	++
Potenciar a asignación de fondos europeos en zonas Rede Natura 2000, para así contribuír adecuadamente á súa financiación, no ámbito da PAC, incluíndo as actuacións do Marco de Acción Prioritaria que encaixen cos obxectivos e mecanismos de intervención da futura PAC	++
Conservar e mellorar a biodiversidade característica dos SAVN e a continuidade das prácticas agro-silvo-pastorais tradicionais que contribuíron a sostela polos beneficios e servizos ecosistémicos que proporcionan	+++

Necesidades PEPAC Galicia OBXECTIVO 6	Relación coa diagnose
Manter e mellorar a heteroxeneidade das paisaxes agrícolas e os elementos de conectividade entre hábitats e espazos protexidos	+++
Impulsar accións que minimicen os efectos negativos dos produtos fitosanitarios sobre as poboacións de polinizadores, outros artrópodos ou sobre a biodiversidade en xeral	+++
Evitar o abandono de plásticos no medio a través da redución do seu uso, a boa xestión dos seus residuos ou a substitución por outros produtos	+++
Compatibilizar a presenza de grandes carnívoros que xeran interaccións con impactos negativos cos aproveitamentos agrícolas e gandeiros, de modo que diminúan os conflitos e mellorar a capacidade de coexistencia	+
Fomentar sistemas de produción agrícolas, gandeiros e forestais sostibles, como é o caso, entre outros, da produción agraria ecolóxica	+++
Transferencia e mellora do coñecemento das prácticas agrarias, gandeiras e forestais en materia de protección e mellora da biodiversidade a través da formación, a sensibilización e o asesoramento	+++
Mellorar o estado de conservación das poboacións de polinizadores e mitigación dos diferentes impactos que sofren	+++

Relación coa diagnose do GDR: Alta: +++ Media: ++ Baixa: + Sen relación: 0

Necesidades PEPAC Galicia OBXECTIVO 7	Relación coa diagnose
Promover o relevo xeracional	+++
Facilitar o acceso á terra	+++
Facilitar o acceso ao crédito e mellorar a fiscalidade	0
Mellorar a cualificación profesional	+++
Mellorar as condicións para a incorporación e permanencia na actividade agraria das mulleres rurais	+++

Relación coa diagnose do GDR: Alta: +++ Media: ++ Baixa: + Sen relación: 0

Necesidades PEPAC Galicia OBXECTIVO 8	Relación coa diagnose
Capitalizar e incrementar o atractivo que o medio rural supón para certos sectores da sociedade con vistas a favorecer tanto a permanencia como o asentamento de nova poboación no medio rural, en especial mozos e mulleres	+++
Promover a visibilidade e o empoderamento da muller rural	+++
Potenciar a función dos sistemas agroalimentario e forestal sostibles como elementos diversificadores da estrutura económica nas áreas rurais	+++
Potenciar o emprendemento e atraer e reter o talento innovador nas zonas rurais	+++
Mellora da dotación de infraestruturas e servizos nas áreas rurais, como elemento fundamental para frear a perda de poboación e mellorar a competitividade e a xeración de emprego e renda	+++
Asegurar e fomentar a implementación dun desenvolvemento endóxeno e a xeración de valor engadido asociada á metodoloxía participativa	+++
Mellorar a situación dos colectivos en risco de exclusión social do medio rural con especial fincapé en mozos, mulleres e poboación inmigrante mediante o despregue e reforzo de novas tecnoloxías de calidade, así como integrar as súas necesidades nos sistemas de asesoramento e formación no medio rural	+++
Aproveitar o potencial existente para o desenvolvemento de modelos de negocio relacionados coa bioeconomía circular que permitan xerar emprego e riqueza no medio rural, así como facilitar o aumento de investimentos en bioeconomía para contribuír á xeración de volume de negocio	+++
